

FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN

ESTATUTOS

SUMARIO

TITULO I DISPOSICIÓNS XERAIS
TITULO II DOS ÓRGANOS DA FEGAN
TITULO III DOS ÓRGANOS DE GOBERNO
TITULO IV DOS ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS
TITULO V DOS ÓRGANOS TÉCNICOS
TITULO VI DOS ÓRGANOS DE XUSTIZA FEDERATIVA
TITULO VII DAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, CLUBS, DEPORTISTAS, TÉCNICOS, XUÍCES E ÁRBITROS.
TITULO VIII DO RÉXIME ECONÓMICO
TITULO IX DO RÉXIME DOCUMENTAL E CONTABLE
TITULO X DO RÉXIME DISCIPLINARIO DEPORTIVO
TITULO XI DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS
TITULO XII DA EXTINCIÓN E DISOLUCIÓN DA FEGAN
DISPOSICIÓNS FINAIS

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1º.

A Federación Galega de Natación, a seguir FEGAN, é a única entidade que organiza e dirixe o Deporte da Natación dentro do territorio de Galicia, e constitúese como unión dos Deportistas, das Asociacións, Clubes e Agrupacións que practican ou interveñen nesta modalidade deportiva.

A Federación Galega de Natación é unha Entidade asociativa privada, de utilidade pública e sen ánimo de lucro. Ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e rexerase polas normas de desenvolvemento da lei, amais do previsto estatutariamente pola Federación e as demais normas de réxime interno, que, respectando as anteriores, sexan debidamente aprobadas, de acordo coas normas dimanantes da Real Federación Española de Natación (RFEN.), da que é membro de pleno dereito, acepta e obrigase a cumprir os seus Estatutos desta, e á que representa na Comunidade Autónoma Galega con carácter exclusivo.

ARTIGO 2º.

A Federación Galega de Natación ten plena capacidade xurídica sen outras limitacións que as contidas nas leis e o seu domicilio no lugar de residencia do Presidente ou no que el mesmo determine, dentro do territorio de Galicia.

Posúe patrimonio propio e independente do de os seus asociados.

Dentro desta intégranse todas as Entidades ou Asociacións e Agrupacións Deportivas, Privadas ou Estatais, Clubes, Seccións Deportivas e Sociedades Deportivas afiliadas, que practiquen a Natación en calquera das súas especialidades, NATACIÓN, WÁTER-POLO, SALTOS, NATACIÓN SINCRONIZADA, MASTER e AUGAS ABERTAS, e todas aquelas persoas que interveñan na súa práctica e organización, como Directivos, Nadadores, Wáter-polistas, Saltadores, practicantes da Natación Sincronizada, Árbitros, Adestradores, Monitores, Médicos especialistas, Licenciados en Educación Física con Mestría en Natación ou algunha das súas especialidades, ou calquera outro colectivo interesado que promova, practique ou contribúa ao desenvolvemento do Deporte da Natación en calquera das súas especialidades dentro do Territorio de Galicia todo elo de acordo co art. 51.1 da Lei 3/2012, de 2 de abril do Deporte de Galicia.

Exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo, actuando neste caso como axente colaborador da Administración autonómica ou local. As funcións públicas delegadas serán exercidas pola Federación baixo a tutela da Administración deportiva, que, conforme se determina regulamentariamente, procederá á súa asunción nos casos de extinción da Federación ou cando esta se atope en situación concursal.





FEGAN

A Federación exercerá as funcións públicas delegadas de forma directa, sen que poidan ser obxecto de delegación ou exercicio por ningunha substitución, sen autorización da Administración deportiva.

Os actos adoptados polas Federacións deportivas galegas no exercicio das funcións públicas de carácter administrativo son susceptibles de recurso administrativo diante do Comité Galego de Xustiza Deportiva (art. 56.3 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia).

De acordo co recollido no art. 56.4 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, son funcións públicas delegadas, e se exercerán en réxime de exclusividade pola Federación, as seguintes:

- a) Representar á Comunidade de Galicia nas actividades e competicións deportivas da súa modalidade, de conformidade coa normativa que lle sexa de aplicación.
- b) Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.
- c) Expedir licenzas deportivas para a práctica da súa modalidade deportiva nos termos establecidos na presente lei.
- d) Asignar as subvencións e axudas de carácter público concedidas a través da Federación e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.
- e) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.
- f) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos pola Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos seus respectivos estatutos e regulamentos.
- g) Executar, no seu caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- h) Colaborar coas administracións públicas competentes na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. A estes efectos, e entre outras accións, as Federacións deportivas galegas instruirán e resolverán os expedientes sancionadores que no ámbito do dopaxe se substancien, de acordo co establecido no título VIII da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

ARTIGO 3º.

A FEGAN estrutúrase en Delegacións, e o seu ámbito pode coincidir ou non co de cada unha das provincias galegas, de modo que pode existir máis de unha dentro do término provincial ou estar integradas por localidades pertencentes a distintas provincias, a criterio da xunta directiva.

ARTIGO 4º.

As funcións propias da FEGAN son, de acordo co art. 56.2 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia as seguintes:

4.1.- A convocatoria das Seleccións deportivas da súa modalidade deportiva e a designación dos deportistas que as integren.

4.2.- Colaborar coas Administracións públicas e coa Federación Española correspondente, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción das súas respectivas modalidades.

4.3.- Colaborar coa Administración deportiva Autonómica na execución dos plans e programas dos Deportistas Galegos de Alto Nivel.

4.4.- No seu caso, e de conformidade coa normativa que sexa de aplicación, colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.5.- Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.

4.6.- Colaborar coa Administración Deportiva autonómica na formación de adestradores, xuíces e árbitros según a normativa que sexa de aplicación.

4.7.- A asignación e o control das subvencións económicas ás Asociacións e Entidades Deportivas adscritas a ela, baixo a vixilancia e fiscalización da Administración a través do órgano da Xunta de Galicia competente en materia deportiva.

4.8.- Manter a autoridade dos Clubes e demais Entidades dela dependentes, facendo respectar os acordos que cada un deles adopte dentro das súas facultades e atribucións.

4.9.- Regular e exercer o Réxime Disciplinario dos Clubes, Sociedades e Asociacións, Directivos, Nadadores, Adestradores, Árbitros, Auxiliares e cantos interveñen na organización e práctica da Natación nas súas distintas





FEGAN

modalidades, e dentro do seu ámbito territorial, ditando as sancións que procedan segundo os presentes Estatutos e o Regulamento de Réxime Disciplinario da FEGAN, unha vez aprobados estes pola Asemblea Xeral e polo órgano da Xunta de Galicia competente en materia deportiva.

4.10.- Dirimir e resolver cantas cuestións se susciten entre todas aquelas Entidades e persoas integradas na organización, exercendo, no seu caso, a xurisdición disciplinaria entre eles.

4.11.-Regulamentar e fomentar o ensino e práctica da Natación en todas as súas especialidades, e o desenvolvemento e progreso do Deporte que constitúe o seu obxecto, dentro do Territorio de Galicia.

4.12.-Organizar anualmente os Campionatos de Galicia nas súas distintas modalidades, así como cantas competicións e torneos se consideren convenientes para o mellor desenvolvemento e progreso da Natación, redactando e publicando os correspondentes Regulamentos, segundo co Calendario da RFEN e os Regulamentos Deportivos desta.

4.13.-Fomentar a constitución de novos Clubes, Sociedades e Asociacións Deportivas dedicadas á práctica da Natación en todas as súas especialidades.

4.14.-Interesar dos Órganos competentes, a construción de piscinas regulamentarias para uso deportivo en todas as Poboacións de Galicia, así como da homologación das devanditas instalacións segundo o Regulamento de Instalacións da FEGAN, da RFEN e da FINA.

4.15.-Seleccionar aos nadadores e equipos que deban representar a Galicia.

4.16.-Coidar da homologación dos Records de Galicia, así como das Melloras Marcas Galegas.

4.17.-Constituír as Comisións, Comités e Representacións que se consideren convenientes para o mellor cumprimento dos seus fins e obxecto.

4.18.-Ostentar a representación da RFEN dentro da Comunidade Autónoma Galega con carácter exclusivo. Así mesmo a de Galicia nas actividades e competicións de calquera categoría celebradas fóra do territorio autonómico.

4.19.-A formación dos técnicos en todas as súas especialidades.

4.20.-Colaborar coa Administración do Estado, a Comunidade Autónoma e a RFEN para a formación de técnicos deportivos e na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos e métodos non regulamentarios no deporte.

4.21.-Organizar ou tutelar as competicións oficiais de carácter nacional ou internacional que se celebren dentro do Territorio de Galicia.

4.22.-Executar, no seu caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva de Galicia.

4.23.-Deseñar, elaborar e executar os plans de preparación dos deportistas de alto nivel.

4.24.-Autorizar a venda ou cesión dos dereitos de transmisión televisada ou radiada das competicións oficiais de ámbito autonómico.

4.25.- Establecer os criterios de admisión de nadadores nos Centros de Tecnificación ou de Alto Rendemento existentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, convocar as prazas e seleccionar os candidatos que poidan incorporarse a estes centros.

4.26.-En xeral, cantas actividades non se opoñan, menoscabem ou destrúan o seu obxecto social.

ARTIGO 5º.

O cumprimento dos fins da FEGAN realizarase mediante a actuación Regulamentaria dos seus Órganos de Goberno.

Os actos realizados pola FEGAN no exercicio das súas funcións ás que se refire o Artigo anterior, poderán ser recorridos ante o organismo da Xunta de Galicia competente en materia deportiva, e a súa resolución esgotará a





FEGAN

vía administrativa.

ARTIGO 6º.

A facultade Disciplinaria Deportiva da Natación corresponde, dentro do Territorio de Galicia, á FEGAN, por si ou polos seus Órganos subordinados, agás naqueles casos que corresponda tal facultade á RFEN, segundo os seus Estatutos e Regulamentos, de acordo co establecido no art. 56.4, liña f, da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

ARTIGO 7º.

As decisións da FEGAN e dos seus Órganos dependentes teñen eficacia dende o día da súa notificación ao interesado ou a súa publicación mediante circular, ou na páxina web da Federación. As decisións poderán ser recorridas diante do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

ARTIGO 8º.

Establécese o principio de igualdade de todos os asociados, sen discriminación por razón de raza, sexo, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

TÍTULO II

DOS ÓRGANOS DA FEGAN

ARTIGO 9º.

Para o cumprimento dos seus fins, a FEGAN rexerase polos seguintes Órganos:

1.- ÓRGANOS DE GOBERNO

ASEMBLEA XERAL

COMISIÓN DELEGADA

PRESIDENTE

2.- ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS

XUNTA DIRECTIVA

SECRETARIO XERAL

3.- ÓRGANOS TÉCNICOS

COMITÉ GALEGO DE ÁRBITROS

DIRECCIÓN TÉCNICA

COMISIÓN ANTIDOPAXE

4.- ÓRGANOS DE XUSTIZA FEDERATIVA

COMITÉ DE COMPETICIÓN

COMITÉ DE APELACIÓN

ARTIGO 10º.

10.1.- Para ser membro dos Órganos dos da FEGAN requírese:

1º.- Ser español.

2º.- Ter a condición de cidadán de Galicia segundo o Estatuto de Autonomía.

3º.- Ter maioría de idade civil.

4º.- Non estar inhabilitado para desempeñar cargos públicos.

5º.- Ter plena capacidade de obrar.





FEGAN

6º.- Non estar suxeito a inhabilitación deportiva.

7º.- Non incorrer nas incompatibilidades establecidas legal ou estatutariamente.

8º.- Os específicos que, para cada Estamento, se os houbese, determinen os presentes Estatutos

10.2.- Todos os membros dos órganos colexiados federativos que formen parte deles por elección desempeñarán o seu mandato por tempo de catro anos, coincidentes co período olímpico do que se trate e poderán, en todo caso, ser reelixidos.

10.3.- No suposto en que por calquera circunstancia non consumaran aquel período de mandato, as persoas que ocupen as vacantes exercerán o cargo por tempo igual ao que restase por cumprir aos substituídos. Os substituídos non poderán presentarse a unha nova elección ata que transcorra o período olímpico para o que foron elixidos.

ARTIGO 11º.

A convocatoria dos Órganos de Goberno e Órganos Complementarios da FEGAN corresponde ao seu Presidente, que é o da FEGAN, e deberá ser notificado aos seus membros, acompañado da Orde do Día, co prazo de antelación previsto, agás nos casos de urxencia, poñendo a disposición dos convocados, na Secretaría da Federación, canta documentación afecte aos temas a tratar, ata vinte catro horas antes da celebración da reunión.

Con independencia do anterior, os convocados recibirán con anterioridade á reunión, a máxima información e documentación posible e necesaria sobre os temas a tratar.

As sesións ordinarias e extraordinarias dos órganos de goberno e órganos complementarios poderán convocarse e celebrarse por vídeo, videoconferencia, webconferencia ou por conferencia telefónica múltiple sempre que todas as persoas que tivesen dereito de asistencia ou quen os represente dispoñan dos medios necesarios, o secretario da FEGAN recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta, que remitirá de inmediato ás direccións de correo electrónico. Así mesmo, os medios electrónicos deben asegurar, a interactividade e intercomunicación entre os membros en tempo real, así como o contido das súas manifestacións no momento en que estas se produzan. No caso da celebración da sesión por algún destes medios, esta entenderase celebrada no domicilio social.

ARTIGO 12º.

Os Órganos aos que se refire o artigo anterior quedarán validamente constituídos en primeira convocatoria cando asista a metade máis un dos seus membros e, en segunda, calquera que sexa o número de asistentes. Así mesmo, quedarán validamente constituídos, aínda que non se houbesen cumprido os requisitos de convocatoria, sempre que concorran todos os seus membros, e así o acorden por unanimidade.

ARTIGO 13º.

De todos os acordos dos Órganos Colexiados de Goberno e Representación da FEGAN, o Secretario levantará a Acta correspondente, especificando o nome das persoas que interviñesen e as demais circunstancias que se consideren oportunas, así como o resultado das votacións e, no seu caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado.

ARTIGO 14º.

Os acordos dos Órganos de Goberno e Complementarios da FEGAN adoptaranse por maioría simple dos asistentes, agás naqueles casos nos que expresamente se preveña un quórum máis cualificado polas Leis e nos presentes Estatutos.

ARTIGO 15º.

15.1.- Con independencia das responsabilidades penais, civís e administrativas que de forma xeral consagra o ordenamento español, os membros dos diferentes órganos da FEGAN, son responsables, especificamente, dos actos, resolucións ou acordos adoptados por aquel do que formen parte.

15.2.- Tamén o son, nos termos previstos na lexislación deportiva xeral, nos presentes Estatutos e nos seus Regulamentos, polo incumprimento dos acordos de calquera Órganos federativo, normas electorais ou comisión das faltas previstas no Réxime Disciplinario Federativo.

ARTIGO 16º.

Os votos contrarios aos acordos dos Órganos de Goberno e Complementarios da FEGAN e as abstencións motivadas referidas ao Artigo anterior, eximirán das responsabilidades que puideran derivarse da súa adopción.

ARTIGO 17º.





FEGAN

Son Dereitos e Obrigas básicas dos membros da organización federativa:

17.1.- DEREITOS

- a) Tomar parte nas deliberacións, expresando libremente as súas opinións en cantas cuestións sexan obxecto de tratamento ou debate no seno do Órgano do que sexan membros e exercer o seu dereito ao voto, facendo constar no seu caso, se o desexan, o particular razoado que emitan.
- b) Intervir nas tarefas federativas propias do cargo ou función que ostenten, cooperando na xestión que compete ao Órgano ao que pertencen.
- c) Coñecer o contido das actas das sesións do Órgano do que formen parte.
- d) Os demais que, regulamentariamente, se establezan.

17.2.- OBRIGAS

- a) Concorrer, cando sexan formalmente citados para facelo, ás reunións, agás que llelo impidan razóns de forza maior.
- b) Desempeñar as comisións que se lles encomenden.
- c) Colaborar lealmente na xestión federativa gardando o segredo sobre as deliberacións e resolucións.
- d) As demais que se determinen por vía regulamentaria.

ARTIGO 18º.

A FEGAN, como membro de dereito da RFEN, e segundo co Art. 25 dos Estatutos de esta, está clasificada como Federación que agrupa distintas especialidades deportivas, tendo a natación como actividade principal.

TÍTULO III

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

A ASSEMBLEA XERAL

ARTIGO 19º.

A Asemblea Xeral é o Órgano Superior da FEGAN, na que están representados as Asociacións Deportivas, os Deportistas, os Técnicos e os Xuíces e Árbitros.

ARTIGO 20º.

A Asemblea Xeral da FEGAN constará do número de membros que se determine, como se determine o día da convocatoria de eleccións, máis o Presidente, respondendo ás seguintes proporcións:

PRESIDENTE

CLUBS entre o 60 e o 75%

DEPORTISTAS entre o 20 e o 30%

TÉCNICOS entre o 5 e o 10%

ÁRBITROS entre o 5 e o 10%

Do número total de membros que compoñen a Asemblea, entre un 60% e un 80% corresponderán á modalidade de natación.

ARTIGO 21º.

As eleccións xerais á Asemblea efectuaranse cada catro anos, coincidindo cos Xogos Olímpicos de Inverno, conforme ao establecido no art. 58.6 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, mediante sufraxio libre e secreto entre e por os compoñentes de cada Estamento da FEGAN. Para os efectos, a Xunta Directiva convocará oportunamente, na forma e cos requisitos previstos, ditas Eleccións Xerais, pasando a constituírse en Comisión Xestora.

ARTIGO 22º.

Os requisitos esixidos para ser elixibles ou ser electores con respecto á Asemblea, deberán concorrer nuns e outros o día no que se publique a convocatoria de eleccións.

ARTIGO 23º.

Os membros da Asemblea cesarán por:



- 1º.- Expiración do período de mandato.
- 2º.- Dimisión.
- 3º.- Incorrer en calquera das causas de inelixibilidade que se deducen do Artigo nº 10.
- 4º.- Remoción, nos supostos nos que proceda, por non tratarse de cargos electivos.
- 5º.- Incapacidade que impida el desempeño do cargo.
- 6º.- Incompatibilidade, sobrevida, das establecidas legal ou estatutariamente.
- 7º.- A non renovación da licenza polo estamento polo que foi elixido.
- 8º.- Falecemento.

ARTIGO 24º.

As vacantes que se produzan na Asemblea antes das seguintes eleccións xerais á mesma, serán cubertas polos seguintes candidatos máis votados.

Os elixidos para cubrir as vacantes ás que se refire o parágrafo anterior, ostentarán o cargo polo tempo que falte ata as vindeiras Eleccións Xerais á Asemblea.

No suposto de que non existan candidatos máis votados, sempre e cando falte máis dun ano para as seguintes eleccións xerais, procederase á realización dunhas eleccións sectoriais nos estamentos de que se trate. Para os efectos, a Xunta Directiva convocará ditas eleccións na forma e condicións previstas nos Estatutos e Regulamento Xeral da FEGAN.

ARTIGO 25º.

Os representantes das Asociacións Deportivas na Asemblea serán elixidos por e entre os representantes das correspondentes a cada circunscrición electoral das que integran o Censo de Asociacións Deportivas da FEGAN, inscritas no correspondente Rexistro do organismo competente da Xunta de Galicia en materia deportiva antes do día no que se convoquen e que participen ou desenvolvan actividades dos programas oficiais da FEGAN e estean ao corrente das cotas de afiliación e licenzas establecidas pola FEGAN.

Amais, cumprirán o seguinte criterio:

- Que teñan participado en competicións deportivas. Para estes efectos, e con carácter mínimo, deberán ter participado en catro competicións entre o ano da convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel, e necesariamente nunha delas no ano da convocatoria das eleccións.
- Non serán elixibles aqueles clubs que formen parte da Asemblea na súa condición de membros natos.

Membros natos:

Serán membros natos, unicamente para o estamento de clubs e para a actividade principal, polo tanto sen necesidade de someterse a votación aqueles cinco clubs que contan cun maior número de licenzas, así como outros cinco que teñan participado nun maior número de competicións oficiais. Para a determinación dos membros natos pola participación en competicións, valoraranse tanto o número de competicións en que se participe como o número de deportistas participantes.

No caso de empate nalguna das categorías anteriores, será membro nato aquel club que conte con máis méritos na outra categoría. No caso de proseguir o empate, este resolverase favorablemente para o club con máis antigüidade na súa filiación á federación.

Estes datos referiranse ao ano inmediatamente anterior ao do ano da convocatoria das eleccións.

No caso de que un clube teña méritos para obter representación na asemblea por ámbalas categorías, a representación resultante será cuberta polos clubs candidatos á asemblea segundo o procedemento ordinario de eleccións no estamento de clubs.

A circunscrición electoral será toda Provincia na que teña o seu domicilio algunha das Asociacións Deportivas que cumpran os requisitos esixidos neste Artigo 25.

Cada circunscrición electoral contará, como mínimo, cun representante das súas Asociacións Deportivas na Asemblea. O resto dos representantes de Asociacións Deportivas elixibles para a Asemblea distribuirase entre as distintas circunscricións electorais proporcionalmente á relación entre o número de Asociacións Deportivas con domicilio en cada unha e o número total delas que forman parte do Censo electoral da FEGAN.

No caso de que o número total de Asociacións Deportivas sexa igual ou menor que o número de membros establecido na convocatoria de Eleccións para formar parte da Asemblea polo Estamento de Clubs, todas elas pasarán a formar parte da asemblea por dereito propio, sempre e cando cumpran os requisitos.

O representante das Asociacións Deportivas ou Clubs será o Presidente deles, ou a persoa autorizada de acordo



cos seus propios estatutos.

ARTIGO 26º.

Os representantes dos Deportistas na Asemblea serán elixidos por e entre os correspondentes a cada circunscrición electoral.

Para ter a condición de Elector e Elixible é preciso ser maior de idade na data da convocatoria das eleccións, ter licenza federativa en vigor e tela tido na tempada deportiva anterior á data da convocatoria de eleccións, e ter participado nun mínimo dunha competición na tempada deportiva anterior.

A circunscrición electoral para o Estamento de Deportistas, será toda a Provincia na que se expedisen licenzas deportivas dende a tempada anterior ao ano de convocatoria de eleccións.

Cada circunscrición electoral contará como mínimo cun representante dos seus deportistas na Asemblea. O resto dos deportistas elixibles distribuiranse entre as distintas circunscricións electorais proporcionalmente á relación entre o número de Deportistas con licenza en vigor e con dereito a voto por cada unha e o número total deles que forman parte do Censo electoral da FEGAN.

No caso de que o número total de Deportistas sexa igual ou menor que o número de membros establecido na convocatoria de Eleccións para formar parte da Asemblea polo Estamento de Deportistas, todos eles pasarán a formar parte da asemblea por dereito propio, sempre e cando cumpran os requisitos.

ARTIGO 27º.

Os representantes dos Técnicos-Adestradores serán elixidos por e entre os que, estando en posesión do correspondente Título de Adestrador Superior ou Adestrador Auxiliar, expedido pola Escola Nacional de Adestradores, veñan actuando en tal condición.

Amais é preciso ser maior de idade na data da convocatoria das eleccións, ter licenza federativa en vigor e tela tido na tempada deportiva anterior á data da convocatoria de eleccións, e ter participado nun mínimo dunha competición na tempada deportiva anterior.

Os representantes dos Xuíces-Árbitros serán elixidos por e entre os que figuran nas listaxes actualizadas do Comité Galego de Árbitros coa categoría de Árbitro Territorial, teñan actuado polo menos dende a tempada deportiva anterior nalgunha das competicións do calendario oficial da FEGAN ou da RFEN.

Amais é preciso ser maior de idade na data da convocatoria das eleccións, ter licenza federativa en vigor e tela tido na tempada deportiva anterior á data da convocatoria de eleccións.

A circunscrición electoral tanto para o estamento de Xuíces-Árbitros como para Técnicos-Adestradores será a rexional. Considerarase circunscrición rexional a circunscrición única que comprende todo o territorio de Galicia.

ARTIGO 28º.

O Regulamento de eleccións á Asemblea e a Presidente, (Libro IX das Eleccións) de acordo co esixido no art. 55, g) e h) da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, foi aprobado pola Asemblea Xeral a proposta de Xunta Directiva, e ratificado polo organismo da Xunta de Galicia competente en materia deportiva, e regula as seguintes cuestións:

- 1º.- Distribución dos membros da Asemblea por Estamentos e Especialidades.
- 2º.- Calendario electoral.
- 3º.- Censo electoral.
- 4º.- Sistema de elección composición, competencias e funcionamento da Xunta Electoral.
- 5º.- Regulación do voto por correo
- 6º.- Requisitos, prazos de presentación e proclamación de candidatos.
- 7º.- Sistema de elección do Presidente
- 8º.- Composición e sistema de elección da comisión delegada
- 9º.- Procedemento de resolución de conflitos e reclamacións.
- 10º.- Horario de apertura, localización, composición, competencias e funcionamento das mesas electorais.
- 11º.- Sistema de substitución dos membros da asemblea que perderon a condición pola que foron elixidos.
- 12º.- Modelo de sobres e papeletas.

ARTIGO 29º.

O Regulamento de eleccións facilita a participación dos electores nas votacións correspondentes. Para os efectos, promove a constitución de mesas electorais en cada unha das circunscricións electorais, así como autoriza e regula o voto por correo unicamente para a elección de membros da Asemblea dos estamentos integrados por





FEGAN

persoas físicas, coas máximas garantías de autenticidade.

Os días nos que teñan lugar as eleccións á Asemblea e a Presidente e Comisión Delegada non poderán coincidir coa celebración de probas deportivas da FEGAN.

ARTIGO 30º.

As reclamacións que se produzan no proceso electoral haberán de tratarse sen dilación. Contra os acordos e resolucións da Xunta Electoral Central, procederá o recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, a vía administrativa.

ARTIGO 31º.

Unha vez convocadas as eleccións á Asemblea Xeral polo Presidente da FEGAN, exporase en cada circunscrición electoral o censo correspondente a cada un dos Estamentos. A partir do momento da devandita exposición do censo electoral, a Xunta Directiva constituirase en Comisión Xestora.

Os membros da Xunta Directiva saínte que desexen presentarse á elección de Presidente da FEGAN non formarán parte da Comisión Xestora.

ARTIGO 32º.

Garantirase a máxima difusión e publicidade das convocatorias de eleccións á Asemblea Xeral e a Presidente, así como o seu Regulamento, coas medidas previstas nas disposicións federativas. A convocatoria de eleccións será notificada a os clubs integrantes da Federación mediante medios electrónicos ou informáticos, e exposta no taboleiro de anuncios na sede da FEGAN, cun prazo de antelación mínimo de cinco días hábiles desde a data da convocatoria.

No mesmo prazo será remitida copia á Secretaría Xeral para o Deporte.

ARTIGO 33º.

Unha vez concluídas as eleccións xerais á Asemblea Xeral, o devandito Órgano constituirase no prazo máximo de QUINCE DÍAS naturais en sesión extraordinaria, previa convocatoria da Comisión Xestora, para elixir PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN E COMISIÓN DELEGADA, como primeiro punto da Orde do Día, así como decidir sobre as demais cuestións da súa competencia que se inclúan na devandita Orde do Día.

Para a elección de Presidente e Comisión Delegada non será válido o voto por correo.

Unha vez elixido Presidente, este pasará a presidir a Asemblea.

ARTIGO 34º.

A Mesa Electoral da Asemblea Xeral, que estará integrada polos membros de maior e de menor idade de entre os seus compoñentes. O primeiro actuará como presidente e o segundo como secretario. Así mesmo, e ata que conclúa a elección de presidente, exercerán funcións de presidente e secretario da asemblea.

ARTIGO 35º.

Terán tamén carácter extraordinario as reunións sectoriais que se celebren polos membros de cada Estamento da Asemblea co fin de elixir os membros que deban de formar parte da Comisión Delegada no suposto de que non se cumpra o estipulado no Artigo 24º.

ARTIGO 36º.

A convocatoria da Asemblea Xeral deberá de notificarse con 30 días naturais de antelación á súa celebración, agás nos casos de urxencia debidamente xustificadas ou recollidos nos presentes estatutos.

ARTIGO 37º.

A Asemblea Xeral reunirse unha vez no ano con carácter ordinario para a análise e aprobación no seu caso:

37.1.-Do orzamento anual e a súa liquidación.

37.2.-Da actividade deportiva realizada no ano anterior ou Memoria Anual da FEGAN.

37.3.-Do programa deportivo anual e calendario de probas e competicións, que estará de acordo co da RFEN.

ARTIGO 38º.

As demais reunións da Asemblea Xeral terán carácter de extraordinario, sendo necesarias para a aprobación dos seguintes asuntos:

38.1.-A aprobación e modificación dos Estatutos.



38.2.-A elección mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto do Presidente da FEGAN.

38.3.-A moción de censura ao Presidente, a cal será construtiva.

38.4.-A disolución da Federación Galega de Natación.

38.5.-O gravame e alleación de bens inmoables da Federación Galega a proposta da Xunta Directiva.

38.6.-A emisión de Títulos transmisibles representativos de débedas ou de parte alícuota do patrimonio da FEGAN a petición da Xunta Directiva.

38.7.-Convocatoria de Eleccións, composición da Asemblea e Calendario Electoral.

ARTIGO 39º.

Poderán tratarse na Asemblea asuntos ou propostas que presente o Presidente sempre que os asistentes, por maioría, presten a súa anuencia.

ARTIGO 40º.

O Presidente poderá convocar a Asemblea Xeral con carácter ordinario; con carácter extraordinario convocada polo Presidente, a petición da Xunta Directiva, dun TRINTA por cento dos membros da Asemblea como mínimo, ou polo organismo da Xunta de Galicia competente en materia deportiva.

ARTIGO 41º.

Tanto as Asembleas Ordinarias como as Extraordinarias deberán ser convocadas cun mínimo de 30 e 15 días naturais, respectivamente de antelación á data elixida para a súa celebración, comunicándollo a os assembleistas mediante medios electrónicos ou informáticos, e exposta na web e no taboleiro de anuncios da FEGAN.

As sesións ordinarias e extraordinarias da Asemblea Xeral poderán convocarse e celebrarse por vídeo, videoconferencia, webconferencia ou por conferencia telefónica múltiple sempre que todas as persoas que tivesen dereito de asistencia ou quen os represente dispoñan dos medios necesarios, o secretario da FEGAN recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta, que remitirá de inmediato ás direccións de correo electrónico. Así mesmo, os medios electrónicos deben asegurar, a interactividade e intercomunicación entre os membros en tempo real, así como o contido das súas manifestacións no momento en que estas se produzan. No caso da celebración da sesión por algún destes medios, esta entenderase celebrada no domicilio social.

ARTIGO 42º.

Os acordos das Asembleas Xerais Ordinarias aprobaranse por maioría simple. Os das Asembleas Xerais Extraordinarias, requirirán para a súa aprobación a maioría dos dous terzos dos membros asistentes a dita Asemblea.

ARTIGO 43º.

Nas convocatorias das Asembleas Xerais, deberá figurar a Orde do Día cos puntos a tratar, acompañándose toda aquela documentación que se crea conveniente para o seu estudo polos membros da Asemblea, podendo entregarse ao inicio da sesión no suposto previsto no Art. 39.

As propostas dos membros da Asemblea para a súa inclusión na Orde do Día, deberán ter entrada 15 días antes de que se celebre. A Orde do Día definitiva, cunha copia das devanditas propostas, deberá obrar en poder dos membros da Asemblea polo menos con cinco días de antelación.

ARTIGO 44º.

Cada un dos membros da Asemblea disporá dun voto.

En caso de empate nas votacións decidirá o voto do Presidente. Os membros da Xunta Directiva que non sexan membros da Asemblea Xeral terán voz pero non voto.

A COMISIÓN DELEGADA

ARTIGO 45º.

1. A Comisión Delegada será elixida entre e pola Asemblea Xeral, mediante sufraxio entre os seus membros. O seu mandato coincidirá co do devandita Asemblea.



2. Estará formada polo 15% dos membros da Asemblea, cun número non inferior a 5 nin superior a 15, cubríndose as posibles vacantes producidas polo seguinte candidato máis votado.
3. Reunirase cada 4 meses, cunha orde do día proposta polo Presidente da FEGAN ou dous terzos dos membros da devandita comisión.
4. Independentemente dos cometidos que para ela regule o Regulamento Xeral da FEGAN, terá como principais:
 - Modificación dos Orzamentos, Regulamento Xeral da FEGAN e Normativas de competicións
 - Modificación do calendario deportivo.
 - Seguimento da xestión deportiva e económica.

O PRESIDENTE

ARTIGO 46º. A Presidenta ou Presidente e o órgano executivo da Federación, exerce a representación legal e preside os órganos de representación e goberno e complementarios, correspondéndolle a dirección dos debates cun voto con calidade de diriminte, e executa os acordos, podendo presidir, así mesmo, calquera órgano ou comisión federativa. Convoca tamén as eleccións parciais á Asemblea de acordo co Artigo 24º.

A persoa titular da presidencia será elixida mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto polos compoñentes da Asemblea Xeral, sen que teña que ser membro desta, e non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa.

ARTIGO 47º.

O Presidente ostenta a Dirección económica, administrativa e deportiva da FEGAN, segundo os presentes Estatutos, asistido pola Xunta Directiva e, en especial, polos Vicepresidentes, Secretario Xeral e Tesoureiro, así como de cantas persoas considere necesarias en materias específicas para unha maior eficacia para acadar os fins propios da FEGAN.

ARTIGO 48º.

O Presidente da FEGAN é o ordenador de gastos e pagos de esta, autorizando, coa súa sinatura mancomunadamente co Tesoureiro, ou co Secretario Xeral, todos os pagos da Federación.

Pode nomear e destituír os membros dos Órganos Complementarios, Técnicos e de Xustiza Federativa, así como as persoas que presten servizos laborais ou técnicos na Federación.

O Presidente ostenta a representación xurídica da FEGAN, podendo, en consecuencia, executar os actos e celebrar os contratos que sexan necesarios ou recomendables para a realización dos obxectivos da FEGAN, sen exceptuar os que versen sobre a adquisición ou alleación de bens, incluso inmobles, estes últimos previo acordo da Asemblea Xeral. Concertar toda clase de préstamos con liberdade de pactos e condicións coa Banca Privada, Pública ou Oficial, Institutos de Crédito, Caixas de Aforro, incluso o Banco de España, previo acordo da Xunta Directiva. Aceptar e endosar letras de cambio, outorgar poderes a Procuradores dos Tribunais e Avogados, Comunidade Autónoma, Provincia ou Municipio e ostentar a representación da Federación ante Xulgados, Tribunais, incluso Tribunal Supremo, Tribunal Constitucional e Maxistratura de Traballo, e exercer las accións civís, criminais, sociais, económico-administrativas e contencioso-administrativas en todas as instancias; abrir contas correntes e cancelar as constituídas.

Será necesaria a autorización da Administración autonómica para a venda ou gravame dos bens inmobles cuxa titularidade lle corresponda á Federación si fose financiada, en todo ou en parte, con fondos públicos. Asimesmo, requirirase igual autorización cando a Federación pretenda comprometer gastos de carácter plurianual ou cando a natureza do gasto, ou a porcentaxe deste en relación co seu orzamento, vulneren os criterios que regulamentariamente se determinen. Esta autorización pode consignarse nos contratos programa que poidan ser asinados entre a Administración deportiva autonómica e a Federación para o desenvolvemento das súas actividades e funcións.

De acordo co establecido no art. 62 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia a Presidenta ou Presidente, membros das Xuntas Directivas ou dos órganos de dirección que puidesen estatutariamente establecerse, serán persoalmente responsables, fronte á propia Federación, fronte a os seus membros ou fronte a terceiros:

a) Das obrigas que houbese contraído a Federación e que non teñan ou tivesen, o axeitado respaldo contable, non figuren nas contas presentadas e aprobadas, ou sexan obxecto dunha contabilización que non reflicte a natureza e





FEGAN

alcance da obriga en cuestión, e que distorsione a imaxe fiel que debe producir aquela.

b) Das obrigas que tivese contraído contra a prohibición expresa de outros órganos federativos competentes ou da Administración autonómica, así como das obrigas que impliquen un déficit non autorizado ou fora dos límites da autorización.

c) En xeral, dos actos ou omisións que supoñan un perxuízo para a Federación cando sexan realizados vulnerando as normas de obrigado cumprimento.

A responsabilidade descrita no apartado anterior poderase esixir no caso de existencia de dolo ou culpa na actuación dos suxeitos responsables. En todo caso, ficarán exentos de responsabilidade aqueles que houberen votado en contra do acordo ou non interviñesen na súa adopción ou execución, ou aqueles que o descoñecesen ou, coñecéndoo, opuxéranse expresamente a aquel.

3. A responsabilidade regulada no presente artigo e independente da responsabilidade disciplinaria na que se puidese incorrer, e que se esixirá conforma ás disposicións xerais da presente lei.

ARTIGO 49º.

O Presidente terá voto de calidade no caso de empate nas votacións que se produzan nos Órganos Colexiados que presida.

ARTIGO 50º.

O Presidente será elixido cada catro anos, coincidindo cos Xogos Olímpicos de Inverno, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto polos membros da Asemblea.

No caso de que, excepcionalmente, quede vacante a Presidencia antes de que transcorra o prazo de catro anos antes mencionado, a Asemblea procederá a unha nova elección para cubrir a devandita vacante polo tempo que falte ata a conclusión do prazo correspondente ao mandato ordinario.

ARTIGO 51º.

O procedemento de elección do Presidente axustarase ao previsto no Regulamento de Eleccións ao que se refire o artigo 16. A súa elección levarase a cabo por un máximo de tres votacións.

ARTIGO 52º.

El desempeño do cargo de Presidente será causa de incompatibilidade coa actividade como Deportista, Técnico, Xuíz ou Árbitro da Federación Galega, sen prexuízo de conservar a súa licenza federativa.

O Presidente non poderá ocupar ningún cargo directivo en clubs afiliados á FEGAN. Así mesmo non poderá desempeñar ningún cargo técnico dentro do deporte da Natación en calquera das súas modalidades.

ARTIGO 53º.

O Presidente cesará por:

1º.- Transcurso do prazo para o que foi elixido.

2º.- Falecemento.

3º.- Dimisión.

4º.- Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.

5º.- Incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade ás que se refire o artigo anterior cando non renuncie á actividade ou cargo incompatible.

6º.- Por incapacidade física ou psíquica permanente, declarada legalmente e que lle impida o normal desenvolvemento do seu cometido.

ARTIGO 54º.

Vacante a Presidencia, a Xunta Directiva procederá a convocar eleccións, constituíndose en Comisión Xestora da FEGAN, presidida por un dos Vicepresidentes ou, no seu defecto, polo vocal de maior idade.

O Vicepresidente que substitúa o Presidente, será elixido polos Vicepresidentes, ou Vogais no seu caso, da Xunta Directiva constituída en Comisión Xestora.

ARTIGO 55º.

Nos casos de ausencia ou incapacidade temporal, o Presidente será substituído polo Vicepresidente 1º.

ARTIGO 56º.

A moción de censura ao Presidente, que será construtiva, deberá ser formulada pola metade máis un dos membros da Asemblea Xeral, podendo formalizarse conxunta e/ou individualmente por cada un dos propoñentes mediante escrito motivado e asinado, co que se enviará copia do DNI., dirixido ao Presidente da FEGAN.

Dita petición deberá solicitar do Presidente a convocatoria dunha Asemblea Xeral Extraordinaria coa Moción de





FEGAN

Censura como único punto da Orde do día así como a proposta dun candidato alternativo á Presidencia.

O Presidente deberá convocar con carácter extraordinario a Asemblea Xeral, para que esta se reúna nun prazo máximo de quince días, con dita moción como único punto da Orde do Día.

A notificación desta sesión extraordinaria poderase comunicar con 72 horas polo menos de antelación.

Se o Presidente non convocase a Asemblea Xeral Extraordinaria, a convocatoria correspondente poderá ser realizada polo organismo da Xunta de Galicia competente en materia deportiva.

A sesión da Asemblea Xeral na que se debata a moción de censura será presidida polo membro de maior idade de esta, non sendo válido o voto por correo nin a asistencia por representación.

O sistema de votación de dita moción de censura será polo sistema de dobre volta, debendo acadar a maioría absoluta de membros que compoñen a Asemblea na primeira, ou a maioría simple de asistentes na segunda, celebradas ambas, se houbese lugar, cunha hora de diferenza.

No caso de prosperar a moción de censura, o candidato quedará investido como Presidente, e o seu mandato será igual ao tempo que falte para concluír o período ordinario.

Se a moción de censura non prosperase, non se poderá presentar unha nova ata que transcorra un ano, como tampouco poderá presentarse, caso de prosperar, contra o candidato investido en dita moción ata que transcorra un ano dende a súa investidura.

TÍTULO IV

DOS ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS

ARTIGO 57º.

A Directiva é o Órgano de Goberno da Federación Galega de Natación a quen lle corresponde toda a competencia non atribuída especialmente aos demais Órganos de goberno e representación de esta. Os seus membros serán designados e revogados libremente polo Presidente.

ARTIGO 58º.

A Xunta Directiva da FEGAN estará composta como máximo por catro Vicepresidentes, un Tesoureiro, un Secretario e nove Vocais.

ARTIGO 59º.

Todos os cargos da Xunta Directiva son honoríficos, agás o de Secretario, que poderá ser retribuído, e nese caso caso terá voz pero non voto.

ARTIGO 60º.

A Xunta Directiva reunirase sempre que sexa convocada polo Presidente. A convocatoria deberá ser notificada aos seus membros con 48 horas polo menos de antelación, agás nos casos de urxencia, acompañado da Orde do Día.

Os acordos da Xunta Directiva serán tomados por maioría simple de votos, en caso de empate será dirimente o voto do Presidente.

ARTIGO 61º.

A validez das reunións da Xunta Directiva requirirá que concorran, en primeira convocatoria, a maioría dos seus membros, e en segunda, calquera que sexa o número de membros asistentes.

ARTIGO 62º.

Os membros da Xunta Directiva que non o fosen, ao mesmo tempo, da Asemblea Xeral, terán dereito a asistir ás sesións de estas, con voz pero sen voto.

ARTIGO 63º.

Os membros da Xunta Directiva cesarán nos supostos previstos no Artigo 23º dos presentes Estatutos.

ARTIGO 64º.

É competencia da Xunta Directiva:

64.1.-A facultade executiva e xurisdiccional, así como a interpretación dos Estatutos, Regulamentos e acordos dos demais Órganos Superiores Colexiados de Goberno e Representación da FEGAN e os seus propios, cumpríndoos e facéndoo cumprir. En ningún caso poderá tomar acordos que vulneren os adoptados con carácter xeral ou particular pola Asemblea, e, se na súa interpretación se excedese nas súas facultades, quedarán sen efecto cando así o acorde a Asemblea Xeral.





FEGAN

64.2.-Preparar o programa deportivo anual e o calendario de probas e competicións segundo os da RFEN., para que sirvan de base á Asemblea Xeral para o seu estudo e, no seu caso, aprobación.

64.3.-Propoñer ao Presidente a data e a Orde do Día da Asemblea Xeral.

64.4.-Propoñer á Asemblea Xeral a Convocatoria de Eleccións á Asemblea e á Presidencia e Comisión Delegada, composición da Asemblea e Calendario Electoral.

64.5.- Coidar da Organización dos Campionatos de Galicia nas súas distintas especialidades e categorías e de cantas competicións se celebren con carácter oficial, ben sexa de ámbito local, provincial, territorial ou nacional, de acordo cos seus Regulamentos.

64.6.- Propoñer á Asemblea Xeral a aprobación dos Regulamentos internos da FEGAN, tanto técnicos como de competición, e das súas modificacións.

64.7.- Colaborar co Presidente na dirección económica, administrativa e deportiva da FEGAN e na execución dos acordos dos demais Órganos Colexiados Superiores de Goberno e Representación dela.

64.8.- Publicar, mediante circular, as disposicións ditadas pola propia Xunta Directiva e os acordos que adopte no exercicio das súas facultades.

Os membros da Xunta Directiva son especificamente responsables dos actos, resolucións ou acordos adoptados ante a Asemblea Xeral, a cal, se así se decidise pola maioría de dous terzos de quen de pleno dereito a integran, poderá solicitar a súa destitución ao Presidente da FEGAN.

Os membros da Xunta Directiva cooperarán por igual na xestión que esta compete e responderán dela ante o propio Presidente, con quen colaborarán na dirección económica, administrativa e deportiva da FEGAN, así como na execución dos acordos dos demais órganos colexiados superiores de goberno e representación de esta.

ARTIGO 65º.

Para aqueles asuntos que requiran unha solución inmediata que pola súa importancia non sexan necesarios someter á Xunta Directiva e para o despacho de asuntos de trámite, constituirase unha Comisión Permanente que estará composta polo Presidente, un Vicepresidente, o Tesoureiro, o Secretario Xeral e os membros da Xunta Directiva que convoque o Presidente.

Reunirase sempre que a convoque o Presidente e dos seus acordos darase conta á Xunta Directiva.

ARTIGO 66º.

Os Vicepresidentes substituirán ao Presidente en todas as súas funcións e facultades cando sexa necesario, por causa de enfermidade, ausencia, incompatibilidade e calquera outra imposibilidade física ou legal. A substitución recaerá, en primeiro lugar, ao Vicepresidente 1º.

O Presidente poderá delegar en calquera dos Vicepresidentes as funcións e facultades que considere oportunas.

ARTIGO 67º.

O Tesoureiro terá o enderezo económico-administrativo e coidará das operacións de cobros e pagos. Autorizará coa súa sinatura, mancomunada coa do Presidente, todos os documentos de movementos de fondos. Será responsable de levar e custodiar os libros de contabilidade. Formulará os balances que periodicamente presentará á Xunta Directiva e o que anualmente deberá presentarse aos Órganos Superiores de Goberno da FEGAN. Exercerá a inspección económica de todos os Órganos da FEGAN.

ARTIGO 68º.

O Secretario Xeral, nomeado polo Presidente e directamente dependente de este, colaborará con todos os órganos de Goberno e Complementarios.

ARTIGO 69º.

O Secretario Xeral actuará como Secretario da Xunta Directiva e da Asemblea da FEGAN, así como dos demais Órganos e Comisións nas que participe, achegando documentación e información sobre os asuntos que sexan obxecto de deliberación. Unha vez aprobadas as actas, asinaraas co Visto Bo do Presidente e custodiará os correspondentes libros de Actas.

ARTIGO 70º.

Por delegación do Presidente, as competencias do Secretario Xeral son as seguintes:





FEGAN

- 1º.- Ostenta a Xefatura do persoal da FEGAN se o houbese.
- 2º.- Coordina a actuación dos diversos Órganos da FEGAN.
- 3º.- Prepara a resolución e despacho de todos os asuntos.
- 4º.- Vela polo cumprimento de todas as normas xurídico-deportivas, tendo debidamente informado sobre o seu contido aos demais Órganos da FEGAN.
- 5º.- Coida da boa orde de todas as dependencias federativas.
- 6º.- Prepara as reunións dos Órganos de Goberno e Complementarios. Levanta Acta das súas reunións e é responsable dos libros de Actas.
- 7º.- Recibe e expide a correspondencia oficial da FEGAN e leva o rexistro de entrada e saída.
- 8º.- Organiza, mantén e custodia o arquivo da Federación.
- 9º.- Achega documentación e informa aos Órganos de Goberno e aos Órganos Técnicos da Federación sobre asuntos da súa incumbencia.
- 10º.-Prepara a Memoria anual da FEGAN para a súa presentación á Asemblea Xeral.
- 11º.-Terá firma, mancomunadamente coa do Presidente, para a autorización de todos os documentos de movementos de fondos da FEGAN.
- 12º.-Levará os rexistros de Records, Marcas e os que se estimen necesarios, así como as listaxes actualizadas dos deportistas das diferentes especialidades.
- 13º.-Expedirá as certificacións oportunas dos actos emanados dos meritados órganos.
- 14º.-Informará e asesorará ao Presidente e Xunta Directiva nos casos que fose requirido para facelo.

ARTIGO 71º.

Non poderán desempeñar cargos directivos na Federación Galega de Natación aquelas persoas que obteñan proveito material, persoal derivado de determinada actividade económica, comercial, industrial relacionado co deporte específico da Natación en todas as súas especialidades. Exceptúanse desta prohibición, aqueles profesionais que desempeñen funcións técnicas retribuídas nos seus respectivos clubs.

TÍTULO V

DOS ÓRGANOS TÉCNICOS

ARTIGO 72º.

Os Órganos Técnicos da FEGAN son:

- 1.- O Director Técnico.
- 2.- O Comité Galego de Árbitros.
- 3.- A Comisión Antidopaxe.

O Presidente poderá crear as Comisións Técnicas que considere necesarias para o mellor cumprimento dos fins da FEGAN.

ARTIGO 73º.

O Director Técnico será nomeado polo Presidente da FEGAN, podendo proporlle a creación de comisións técnicas de cada especialidade. Colaborará estreitamente co Secretario Xeral.

O Director Técnico someterá, en primeiro lugar, ao Presidente, para sometelo posteriormente á Xunta Directiva ou á Comisión Permanente as decisións que tome sobre os asuntos Técnico-Deportivos da súa competencia ou que esta lle confíe.

Serán da súa competencia:

- 73.1.-Preparar os plans de adestramento e competición.
- 73.2.- Propoñer os Regulamentos das competicións e das variacións que lle sexan convenientes, tendo en conta os Regulamentos en vigor da RFEN e os seus calendarios oficiais.
- 73.3.- Redactar os informes sobre as competicións que se celebren dentro do Territorio de Galicia.
- 73.4.- Seleccionar os Deportistas que integren os equipos rexionais.
- 73.5.- Coidar de que se leven, en estreita colaboración coa Secretaría Xeral, os Rexistros de Records, Marcas e todos aqueles que se crean necesarios.



73.6.- Establecer os plans de preparación dos equipos rexionais que participarán en competicións nacionais ou de outra índole.

73.7.- En xeral, coidar todos os asuntos Técnico-Deportivos da modalidade que lles corresponde.

ARTIGO 74º.

74.1.- O Comité Galego de Árbitros é un órgano técnico da FEGAN que atende directamente ao funcionamento do colectivo federativo de Xuíces e Árbitros, e correspóndenlle, con subordinación ao Presidente da FEGAN, o goberno, representación e administración das funcións atribuídas a aqueles, nas especialidades de Natación, Wáter-polo, Saltos e Natación Sincronizada, acolléndose para isto aos Regulamentos da FINA, LEN e RFEN e organismos superiores.

74.2.- O Presidente del Comité será nomeado polo que ostenta a Presidencia da FEGAN.

74.3.- O Comité Galego de Árbitros desenvolverá, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Establecer os niveis de formación arbitral.
- b) Clasificar tecnicamente os árbitros e propoñer a adscrición ás categorías correspondentes.
- c) Propoñer os candidatos a árbitros de categoría nacional.
- d) Aprobar as normas administrativas regulando a arbitrase.
- e) Designar os colexiados nas competicións de ámbito territorial.
- f) Calquera outras delegadas polo Presidente da FEGAN.

74.4.- As propostas ás que se refire o punto anterior elevaranse ao Presidente da FEGAN para a súa aprobación definitiva.

74.5.- A clasificación sinalada no punto 1.b levarase a cabo en función dos seguintes criterios:

- a) Probas físicas e psicotécnicas.
- b) Coñecemento dos Regulamentos.
- c) Experiencia mínima.
- d) Idade.

74.6.- A composición e réxime de funcionamento do Comité determinarase regulamentariamente.

ARTIGO 75º.

- A Comisión Antidopaxe é o órgano que ostenta a autoridade e responsabilidade no control das substancias e métodos prohibidos na Natación española en calquera das súas especialidades, así como a aplicación das normas reguladoras da súa actividade.

- A súa composición e réxime de funcionamento determinarase regulamentariamente, adecuándose á normativa, con intervención da Comisión Nacional Antidopaxe, cumprindo previamente os trámites legais e, especialmente, o que se refire ao procedemento de toma de mostras, a cuantitativa que produce a infracción e, en xeral, cantas outras cuestións sexan precisas para compaxinar a represión de dita práctica co réxime propio das sancións administrativas.

TÍTULO VI DOS ÓRGANOS DE XUSTIZA FEDERATIVA

ARTIGO 76º.

Os órganos disciplinarios da FEGAN son:

- En primeira instancia: O Comité de Competición ou Xuíz Único.
- En segunda instancia: O Comité de Apelación.

ARTIGO 77º.

- O Comité de Competición é o órgano disciplinario da FEGAN, que ten como cometido resolver as incidencias e infraccións que poidan producirse nas competicións deportivas de cada unha das especialidades integradas nela, tendo plenas facultades para impoñer as sancións regulamentarias que procedan.

- O Comité de Apelación da FEGAN é o órgano xurisdiccional de rango superior e última instancia da FEGAN





FEGAN

encargado de resolver os recursos que se presenten contra as decisións do Comité de Competición.

- As decisións do Comité de Competición serán de efecto inmediato e contra elas cabe recurso ante o Comité de Apelación da FEGAN.
- As resolucións do Comité de Apelación da FEGAN poderanse recorrer ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

ARTIGO 78º.

- O Comité de Competición estará composto por cantos membros designe libremente o Presidente da FEGAN, alleos todos eles á Xunta Directiva desta última.
- O Comité de Apelación estará composto por cantos membros designe libremente o Presidente da FEGAN.
- Con carácter especial, o Comité de Competición poderá designar Comités Delegados ou Xuíces Delegados para determinadas competicións, campionatos ou torneos, que resolverán unicamente as incidencias que neles se produzan.
- Os mencionados Comités poderán ser órganos unipersoais.

TÍTULO VII

DAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, CLUBS, DEPORTISTAS, TÉCNICOS, XUÍCES E ÁRBITROS.

ARTIGO 79º.

As Asociacións Deportivas integraranse, a petición propia, na Federación Galega de Natación a través da Delegación que lles corresponda, sempre e cando se axusten á lexislación vixente, consten no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia e se comprometan a cumprir os Estatutos e Regulamentos da FEGAN, e a someterse á autoridade dos Órganos Federativos, en relación coas materias da súa competencia.

O recoñecemento para os efectos deportivos dun clube acreditarase mediante a certificación da inscrición á que se refire o parágrafo anterior.

Integraranse na Federación Española de Natación, a través da FEGAN e de acordo cos Estatutos daquela, adaptando os seus Estatutos ás condicións establecidas na Lei Xeral do Deporte de Galicia, Lei 11/1997 do 22 de agosto. Terán a disposición da FEGAN aos seus nadadores e contribuirán, coas cotas e dereitos federativos que se establezan, ao sostemento da FEGAN.

ARTIGO 80º.

Os mesmos criterios aplicaranse para a integración na FEGAN dos deportistas, técnicos, xuíces e árbitros.

ARTIGO 81º.

A integración na Federación Galega de Natación producirase mediante a concesión, por parte de esta, da correspondente licenza federativa. Devandita concesión será tramitada pola Xunta Directiva da FEGAN. A súa denegación, que haberá de ser motivada, poderá recorrerse ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que pon fin á vía administrativa e abre a posibilidade de recurso perante a xurisdición ordinaria.

Para participar en competicións de ámbito estatal será preciso que estean en posesión da licenza estatal, expedida pola RFEN, segundo os seus regulamentos, e tramitada sempre a través da FEGAN.

A perda da licenza federativa producirase ademais de pola morte e non renovación, por imposición de sanción por infracción moi grave con carácter firme, sanción prevista pola Lei do Deporte de Galicia.

ARTIGO 82º.

Todos os membros da Federación Galega de Natación teñen o dereito a recibir a súa tutela respecto aos seus intereses deportivos lexítimos, así como o de participar nas súas actividades e o funcionamento dos seus órganos, segundo cos presentes Estatutos e cos Regulamentos internos daquela.

Todos os membros da FEGAN teñen a obriga de acatar os acordos dos seus Órganos, sen prexuízo de recorrer ante as instancias federativas competentes e, no seu caso, ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que pon fin á vía administrativa e abre a posibilidade de recurso perante a xurisdición ordinaria.

TÍTULO VIII

DO RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 83º.

A Federación Galega de Natación, que conta con propio patrimonio e orzamento, adaptará a súa contabilidade de acordo coa lexislación vixente. De acordo co art. 61 da Lei 3/201, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, será necesaria a autorización da Administración autonómica para a venda ou gravame dos bens inmoables cuxa titularidade corresponda á Federación si fose financiada, en todo ou en parte, con fondos públicos. Ensimesmo, se





FEKAN

requirirá igual autorización cando a Federación pretenda comprometer gastos de carácter plurianual ou cando a natureza do gasto, ou a porcentaxe deste en relación co seu orzamento, vulneren os criterios que regulamentariamente se determinen. Esta autorización pode consignarse nos contratos programa que poidan ser asinados entre a Administración deportiva autonómica e a Federación para o desenvolvemento das súas actividades e funcións.

ARTIGO 84º.

A Xunta Directiva preparará o proxecto de Orzamento de cada exercicio, que, previo acordo da Asemblea Xeral, presentarallo ao organismo da Xunta de Galicia competente en materia deportiva, no prazo dun mes.

O exercicio contable adaptase ao ano natural: do 1 de xaneiro ao 31 de decembro, data de peche do exercicio económico.

ARTIGO 85º.

No prazo previsto polas disposicións legais vixentes, a Xunta Directiva confeccionará os estados financeiros previstos nas normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade para Federacións Deportivas, así como a liquidación do orzamento xunto coa memoria explicativa. Devanditos estados financeiros serán auditados segundo as normas que dite o organismo da Xunta de Galicia competente en materia deportiva, poñendo en coñecemento da Asemblea Xeral o informe resultante da mencionada auditoría.

ARTIGO 86º.

Constituirán os recursos da Federación Galega de Natación:

1º.- As subvencións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Galicia e da Federación Española de Natación.

2º.- As subvencións ou donativos de outros organismos oficiais, entidades ou particulares.

3º.- As herdanzas, legados ou doazóns que se lle outorguen.

4º.- Os depósitos constituídos polo trámite de recursos ou reclamacións cando proceda regulamentariamente.

5º.- As cotas e dereitos que se establezan para os seus afiliados, así como as recargas de demora ou as multas e calquera outra sanción de carácter pecuniario.

6º.- As cotas de amortización de anticipos e préstamos concedidos pola FEGAN con cargo aos seus propios recursos, as rendas de bens inmoables e dos valores de carteira, xuros de contas correntes e produtos de alleación de bens adquiridos con recursos propios.

7º.- Os froitos, rendas e xuros dos seus bens patrimoniais.

8º.- Préstamos ou créditos que se lle concedan.

9º.- Os ingresos por cobro de entradas, publicidade ou calquera outro concepto que recade nas competicións que organice.

10º.- Os demais recursos que poida obter dentro das disposicións superiores.

ARTIGO 87º.

A Federación Galega de Natación destinará a totalidade dos seus ingresos e do seu patrimonio á consecución dos fins propios do seu obxecto.

TÍTULO IX

DO RÉXIME DOCUMENTAL E CONTABLE

ARTIGO 88º.

O réxime documental da Federación Galega de Natación comprende os seguintes libros, todos eles debidamente dilixenciados polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia:

1º.- Libro de Rexistro de Clubes, no que contarán as súas denominacións e domicilio social, nomes e apelidos dos Presidentes, data de posesión e cese do cargo.

2º.- Libro de Actas, que consignarán as reunións que celebren todos os Órganos Colexiados de Goberno e Representación da Federación Galega de Natación.

3º.- Libros de Contabilidade, nos que figurarán tanto o patrimonio como os Dereitos e Obrigas e Ingresos e Gastos da Federación Galega de Natación, debendo precisarse a procedencia de aqueles e o investimento de estes.

4º.- Libro Inventario de bens móbiles e inmoables.

TÍTULO X

DO RÉXIME DISCIPLINARIO DEPORTIVO

ARTIGO 89º.

A FEGAN exerce a potestade disciplinaria sobre todas as persoas que formen parte da súa estrutura orgánica,





FEGAN

sobre as Asociacións Deportivas, Clubes e dos seus Deportistas e Técnicos e, en xeral, sobre todas aquelas persoas que, atopándose federadas na FEGAN, desenvolven calquera das modalidades deportivas nela integradas.

A FEGAN, en virtude da súa competencia, actúa en primeira instancia nos seguintes casos:

- 1º.- Cando se trate de competicións ou probas que teñan nivel ou carácter exclusivamente territorial.
- 2º.- Cando participen na competición ou probas exclusivamente deportistas con licenzas federativas expedidas pola FEGAN.
- 3º.- Cando en probas de carácter exclusivamente territorial, participen deportistas con licenzas expedidas en calquera Federación, pero os seus resultados non sexan homologados oficialmente no ámbito nacional ou internacional.

A potestade disciplinaria exercerase en primeira instancia, por un Comité de Competición ou Xuíz Único, en segunda instancia, por un Comité de Apelación. Posteriormente, contra as resolucións definitivas da FEGAN en materia disciplinaria, cabe recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

ARTIGO 90º.

O ámbito de potestade regulamentaria da FEGAN esténdese ás infraccións das regras do xogo ou competición e ás de conduta deportiva tipificada nos presentes Estatutos, e nos Regulamentos Xerais e de Competicións da FEGAN, aprobados polo organismo da Xunta de Galicia competente en materia deportiva, e de conformidade coa normativa básica para a regulación do réxime disciplinario deportivo establecido no Título VII de la Lei Xeral do Deporte de Galicia, lei 3/2012 de 2 de abril, e de acordo co Regulamento de Réxime Disciplinario da FEGAN.

Así mesmo terase en conta toda a normativa establecida na devandita Lei Xeral do Deporte de Galicia no referente á Prevención da violencia nos espectáculos deportivos.

Canta normativa legal dite o Comité Galego de Xustiza Deportiva, será de aplicación nas probas e competicións de ámbito exclusivamente territorial referidas no ARTIGO 89º, sen prexuízo das competencias propias da RFEN, aínda neste caso.

ARTIGO 91º.

As infraccións das normas contidas nos presentes Estatutos e dos Regulamentos Xerais e de Competición da FEGAN, así como da conduta deportiva, poderán ser sancionadas, de conformidade coa normativa vixente, con amoestación, inhabilitación, suspensión e privación de licenza federativa e de dereitos de asociado, xa sexa de carácter temporal ou definitivo, e multas. Tamén poderán imporse sancións específicas de cada competición deportiva coa perda de determinados dereitos deportivos, inhabilitación de campos de xogo, perda de encontro, perdas de puntos na clasificación, perda ou descenso de categoría, etc.

As suspensións poderán ser absolutas para toda clase de dereitos federativos ou especiais só limitadas a certas clases de dereitos que especificará, no seu caso, a disposición que o estableza ou resolución que a impoña.

De acordo co art. 96.2 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, o regulamento de Réxime Disciplinario da Federación (Libro III) asegura:

- A diferenza entre o carácter leve, grave e moi grave das infraccións
- A proporcionalidade das sancións aplicables a aquelas
- A inexistencia de dobre sanción polos mesmos feitos. Non se considerará dobre sanción a imposición dunha sanción accesoria á principal, nos termos do art. 27.2 do mesmo R.D. 1591/1992, de 23 de decembro, sobre Disciplina Deportiva.
- A aplicación dos efectos retroactivos favorables.
- A prohibición de sancionar por infraccións non tipificadas con anterioridade ao momento da súa comisión.
- A aplicación dos efectos retroactivos favorables.
- A prohibición de sancionar por infraccións non tipificadas no momento da súa comisión.

ARTIGO 92º.

O procedemento para a imposición de sancións por infracción das normas contidas nos presentes Estatutos e nos Regulamentos Xerais e de Competición da FEGAN, esta recollido no Libro III (reximen disciplinario da FEGAN) e axustarase ao recollido no Título VII da Lei 3/2013, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, e sendo de aplicación supletoria as normas contidas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Igualmente, as notificacións e recursos contra as sancións impostas polos órganos disciplinarios federativos son regulados polo Libro III constando expresamente o recurso ao Comité Galego de Xustiza Deportiva nos termos previstos na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.



TÍTULO XI DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

ARTIGO 93º.

Os Estatutos da FEGAN unicamente poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral, previa inclusión expresa na Orde do Día da modificación que se pretende.

ARTIGO 94º.

A aprobación ou reforma dos Estatutos e Regulamentos da FEGAN axustarase ao seguinte procedemento:

a) O proceso de modificación, agás cando este fose por imperativo legal, iníciase a proposta, exclusivamente, do Presidente da FEGAN ou de dous terzos dos membros da Comisión Delegada. As modificacións non poderán exceder dos límites e criterios que a Asemblea Xeral estableza.

b) Os servizos xurídicos federativos elaborarán o borrador de anteproxecto, sobre as bases acordadas por aqueles órganos.

c) Concluído o devandito borrador, elevarase á Xunta Directiva para que emita motivadamente o seu informe.

Obtida a aprobación, cursarase o texto, individualmente, a todos os membros da Asemblea Xeral, outorgando un prazo non inferior a quince días para que formulen las emendas ou suxestións que estimen pertinentes.

d) Tratándose de Estatutos, convocarase á Asemblea Xeral, a quen corresponde a súa aprobación, a que decidirá tras discutirse o texto proposto e as emendas, no seu caso presentadas.

Sendo o Regulamento Xeral, actuarase de idéntico modo, se ben convocando, por ser o órgano competente, a Comisión Delegada da propia Asemblea xeral, depositándose, unha vez aprobado, no organismo da Xunta de Galicia competente en materia deportiva.

e) Recaída, no seu caso, a pertinente aprobación, elevarase o acordado á Dirección Xeral para o Deporte, para os fines previstos no Art. 31.6 da lei 11/1997 del 22 de agosto, Lei Xeral do Deporte de Galicia.

f) Aprobado o novo texto, se de Estatutos se tratase, polo organismo da Xunta de Galicia competente en materia deportiva, publicarase no "Diario Oficial de Galicia" e será inscrito no Rexistro de Asociacións correspondente.

ARTIGO 95º.

Aprobada a modificación dos Estatutos, esta só será eficaz a partir de que sexa ratificada polo organismo da Xunta de Galicia competente en materia deportiva.

TÍTULO XII DA EXTINCIÓN E DISOLUCIÓN DA FEGAN

ARTIGO 96º.

A Federación Galega de Natación extinguirase polas seguintes causas:

1º.- Pola revogación do seu recoñecemento.

2º.- Por acordo da Asemblea Xeral ao completo adoptado por maioría de dous tercios dos seus votos, ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

3º.- Por resolución xudicial

4º.- Por integración noutras Federacións

5º.- Polas demais causas que determinen as leis.

ARTIGO 97º.

En caso de disolución, practicarase unha liquidación, ficando o remanente a disposición do organismo da Xunta de Galicia competente en materia deportiva.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA:

Quedan derogados os Estatutos da Federación Galega de Natación ata agora vixentes.

SEGUNDA:

Os presentes Estatutos entrarán en vigor o día seguinte da súa aprobación polo organismo da Xunta de Galicia competente en materia deportiva.

TERCEIRA:


A Xunta Directiva da FEGAN poderá modificar, se fose necesario, os presentes Estatutos para adaptalos ás indicacións e esixencias que en tal sentido realice o organismo da Xunta de Galicia competente en materia deportiva.



Dilixencia para facer constar que estes Estatutos foron aprobados na Asemblea Xeral Extraordinaria da Federación Galega de Natación celebrada en A Coruña, o 16 de Outubro de 2021.

V.P.

Carlos Fco. Touriño González
Presidente



Ramón Mosquera Niebla
Secretario Xeral

